

Vicente Risco



O LOBO DA XENTE

(Inclúe as páxinas que se conservan do manuscrito orixinal)

FUNDACIÓN VICENTE RISCO

Membros institucionais:

Consellería de Cultura e Turismo
Deputación Provincial de Ourense
Concello de Allariz
Concello de Castro Caldelas
Concello de Ourense
Universidade de Santiago
Universidade da Coruña
Universidade de Vigo

Autor dos textos e debuxo da portada: Vicente Risco

Edita: Fundación Vicente Risco.

Maquetación: visualq.

D.L.: OU 298-2014

Todos os dereitos reservados.

www.fundacionvicenterisco.com



sucedido que vou referir contáronmo como certo. Dixéronme onde foi, que foi preto de Trives; vive aínda quen mo contou, e que, cando era novo, coñeceu a todas as persoas que andaron na historia, porque tampouco non hai tanto tempo que pasou: haberá coma cincuenta ou sesenta anos. Mais entre aquel tempo e o noso hai moita máis distancia que a que eses sesenta anos representan: hai toda a que poñen a soberbia e a pseudo cultura.

Dígoo porque agora que andan os sabios esbesullándose para esculcaren unha chea de feitos desta clase, o vulgo letrado das vilas non quere dar creto a estas historias por máis que llo aseguren persoas asisadas e verdadeiras. Eu teño para min que os antigos sabían disto moito máis do que nós podemos sospeitar tan sequera, e que moito do que sabían os antigos aínda o sabe o vulgo iletrado das aldeas.

Mais imos ao conto.

Era polo castaña. O tempo era revoltó e outonizo, chovía por veces e facía tan escuro que era noite pouco despois de xantar. Ía un tempo coma de día de defuntos, e a tristura do mes das ánimas espallábase xa empardecendo o ceo por toda a banda.

O Ánxel andaba nun souto, onda o río da Cabalar. Era nativo de Sobrado e aínda non chegara ás quintas. Tiña o cabelo claro, os ollos azuís, as meixelas roxas. Tiña un gran peito e brazos fortes, e era coraxoso e valente. Estaba termando dun sequieiro e saíra nunha escampada a apañar folla no souto.

Non sei que ten a natureza nestas encañadas fondas onde o sol entra pouco, que semella que se recolle en si mesma e fica calada, embora muda e todo, estea falando decote a todos os sentidos do home...

O souto onde andaba o Ánxel era pecho e sombrizo, cuberto o chan de herba verde entre a que medraban gamóns, estraloques, póutegas e chouparros, floradas terras húmidas...

Os soutos teñen un cheiro de seu. O cheiro dos soutos é un cheiro especial, e non é o da amenta acochada non sei onde, nin do fiollo, nin das escornacabras; eu coido que é a sombra dos castiñeiros a que cheira a fresco, cheira a silencio encalmado... É un silencio onde se oen caer as follas secas, como hai un mes se oían caer os ourizos regañados...

As chancas do Ánxel, ao triparen esmagando as follas cobrizas e douradas, molladas no chan, facían un ruído apagado. Andaba xuntando as follas ás moreas para esterocar de que estiveran curadas.

Un veciño pasou aló enriba pola vereia, e berroulle dende o valado:

— Ai Ánxel, seica estás a secar as castañas?

— Estou.

— Pois recóllete pronto e atranca ben, non che vaia vir o lobo da xente.

Había tempo desapareceran algúns nenos dos que ían co gando ao monte. Un camiñante aparecera medio comido no camiño real. Ao pouco, aconteceulle igual a unha costureira que andaba a coser polas aldeas... Despois, un criado da casa da Mata. Un neniño deitado no rolo, diante da porta da casa, un día de sol, desaparecera tamén. Logo os casos repetíranse. Principiaron a dicir que era un lobo, que, de que se afán a comer carne de cristián, xa non queren comer doutra, porque seica lles sabe mellor, que hai quen di que é unha carne doce, e outros aseguran que é imitante á do marrao, mais como ninguén a probou, non se sabe de certo... Mais outros dicían que debía ser un home, un facineroso, unha sorte de saca-untos. Aínda os había que pensaban que era un home que se volviera lobo...

E aínda pasaron máis cousas, e dicían que unha das veces viran as pisadas do lobo, mais un lobo moi grandísimo... Por fin moita xente xa non lle collía dúbida pois por dúas veces homes que ían de viaxe atacounos un lobo tremendo, que non sei como puideron fuxir. Dunha das veces, un disparoulle e o lobo coma se nada.

O medo correu por toda aquela terra, e a xente non quería saír fóra despois de empardecer, e aínda se non quería desviar moito da casa no día claro. A sonda do lobo da xente collía até Maceda por unha banda, e até Quiroga e Valdeorras por outra, e aínda chegaba a Viana..., había quen xuraba que lle entrara na casa; outros que o atoparan indo para tal sitio ou para tal outro. Uns que era brancazo e vello. Outros que era mouro. Que se tiña os dentes de tal xeito ou de tal outro, nunha ringleira ou en tres, que se tumba que se taramba; o que se apalpaba era o medo...

O certo é que o lobo é cousa de temer. Ningunha outra fera arrepiá aos homes coma o lobo. El algo ten... O lobo ten ollar magnético; os seus ollos reluman coma brasas de noite: na noite pecha, sen estrelas, pode un ter a carón seu o sinistro paseante nocturno, e non verlle o vulto, mais as dúas flamiñas acesas dos seus ollos anuncian que alí está. É un ollar que traspasa a un coma unha espada, e detén o sangue nas veas e deixa a un coma a neve... Non cómpre tan sequera velo: abonda sentir o ouvear medoñento para que lle pase a un por todo o corpo o arreguizo astral, igual ao que se sente cando un atopa unha ánima en pena, ou cando lle dan unha labazada no medio da noite silandeira unhas mans invisibles...

Nin que o lobo fose cousa do outro mundo... E mais algo debe ter que ver con elo, e se cadra, os antigos algo souberon do seu misterio; mais agora os homes esquenceron tanta cousa!

O Ánxel era un mozo doutro tempo, e era un pouco medrán. Mais saber, sabía o que tiña que facer. Así que, de que escureceu, meteuse no sequeiro, pechou ben a porta e polo si polo non, botou dúas trancas, asegurou a bufarda, pillou unha machada e pousouna

no banco da lareira, ben á man. Despois puxo uns guizos no rescoldo e soprou nas brasas ata que levantou a lapa; entón foi partido máis guizos botándoos no lume. Así que o lume se ergueu ledo e danzarín, enchendo o sequeiro de claridades e de sombras estrañas, sacou un cacho de touciño, e foino comendo co pan pouco a pouco. Rematou. Aínda había un grolo de viño na gamela; escurrichouno, limpou os beizos co revés da man e ficou un pedazo mirando para o lume.

Non se oía máis que arder a leña, escachar a casca das castañas na caniceira, e algunha vez o aire fóra, que andaba coas follas secas. Algo tamén, moito menos, o río da Cabalar, aló para abaixo.

Principiaba a topenear o Ánxel cando lle pareceu que sentía así coma se andasen rafiando na porta... Púxose a espreitar un pouco inqueda, reparando ben: non sentiu ren. Boh! que ía ser! Como lle viñera o xuncras do Mateo falando do lobo da xente... E mais... agora si... agora si que era certo; agora andaban rañando na porta...

—Que me leve o demo se non anda aí —pensou o Ánxel.

E aínda que cheo de medo, ergueuse caladiñamente e apañou a machada... A cousa ía de veras: agora trequeneaban na porta, e con forza... Con forza que estralaban as táboas. O Ánxel meteuse atrás do lume...

De súpeto, o *arreguizo astral* correulle dende as unllas dos pés ao coiro da testa, e todos os cabelos se lle puxeron de punta: na porta había unha fendedela, e por ela pasaba a pata dianteira dun lobo grandísimo. Unha pouta negra, grande, con unllas afiadas que relucían.

O Ánxel non quixo ver máis. Caladiñamente agatuñou pola parede, e foise acochar riba da caniceira. Dende alí miraba para a porta morto de medo.

Pola porta apareceu un fuciño longo, con dentes brancos que en poucos instantes fixeron saltar as táboas, e polo burato, coouse no sequeiro o lobo da xente.

O Ánxel vira o lobo moitas veces; xa dixeran que era un mozo doutro tempo. Mais lobo coma aquel, tan negro, tan peludo, tan espantosamente grandísimo, con aqueles ollos sanguíñentos e relucentes, que cintilaban máis que o lume da lareira, con aqueles dentes brancos e afiados coma navallas, aquel fuciño mouro, lixado de sangue fresco, aquelas poutas grandes coma as dun oso, coma aquel nunca, endexamais outro vira na vida. O Ánxel, acochado na caniceira, tremía coma unha vara verde, mais non rebuliu.

O lobo da xente foise chegando ao lume coma con receo. Andou cheirando o banco, a machada que o Ánxel deixara no chan, a navalla e o pan riba do banco, e logo ficou quedo un pedazo. O Ánxel sentíao alentar, coma un can cando vai canso.

Despois, aquela si que foi: o lobo da xente principiou a rebulir, foi soltando a pelexa, e apareceu de súpeto transformado nunha rapaza fermosa coma un caravel recién aberto. Non levaba máis que a camisa, e os cabelos escuros con reflexos dourados estaban despeiteados e soltos e chegábanlle moito máis abaixo do medio corpo.

Sentouse no banco, a rente do lume, e púxose a quentar. Debía vir aterecida, e o Ánxel que lle non quitaba os ollos, viu que pola face, branca coma a dun defunto, lle coaban regueiros de bágoas. Logo tapouna coas mans e estralou saloucando e chorando tan amergurada, que ao Ánxel se lle partía a alma.

Mais nisto, alumouse cunha idea toda a conciencia do rapaz. Non sei quen lla inspiraría: a alma da caste, que vive en nós e que o sabe todo, sería, se cadra. O caso foi que pegou nun varal que había na caniceira, e sacando un brazo, pillou co varal a pelexa do lobo da xente, que a rapaza tiña ao pé dela, e botouna no lume.

A rapaza pegou un berro adoecido:

—Ai, pel, váleme! Váleme, miña pel querida!

A pelexa revoltábase enrabexada para fuxir do lume, e tiraba por irse para onde a moza, mais o Ánxel tíña presa co varal e non a deixaba escapar. E a pelexa rebulía e asubiaba, mais ao fin foise queimando ata que ardeu toda.

Entón a rapaza ergueu os ollos verdes, onde centilaban palliñas de ouro, e díxolle ao mozo docemente:

—Baixa, baixa, que me libraches; non teñas xa medo de min!

O Ánxel baixou da caniceira e veuse sentar onda ela. Ela díxolle:

—Foi a miña nai quen me botou a fada, mais ti quitáchesma.

Preguntou o rapaz:

—E como foi para che botar a fada?

—Pois verás. Eu son filla do señor Farruco da Navea, que Deus teña en gloria; era eu neniña pequecha cando morreu meu pai, e a miña nai casou cun de San Clodio, e viñeron para a casa. De principio non me daba tino ningún, nin me falaba. Eu sacaba a facenda ao monte, cociñaba para eles, cociñaba para os porcos, ía á roza e ás patacas; eles ían ás festas, e deixábanme soa na casa, levaban empanadas e viño... Mais de que fun medrando aínda que a miña nai non levaba ben que eu fose, o home principiou a me querer levar con eles ás festas e aínda lle dixo unha vez a ela que se ela non quería vir que íamos os dous, el e mais eu... E dar dábame máis agarimo que a miña nai... Mais ao fin, un día, andando na roza, achegouse a min, e eu que lle coñecín a intención porque lle vin os ollos, e que non tiña quen me poidese valer, defendinme e leveille unha man co fouciño...

Cando o trouxeron ferido para a casa, a miña nai púxose enrabechada coma un can doente; botouse a min, que se a non collen as veciñas alí dá conta da súa filla, de rabiosa que estaba, e como non me puido bater, volviase tola e berraba:

—Vaite da casa, mala muller! Mala filla! Filla dun lobo! Loba! Permita Deus que te volvas loba e que andes arrastrada polo monte coma os lobos, mala filla.

Fada que me botou, fada que me saíu... Fuxín onda a miña tía, a señora Fermina da Pousa, que é irmá do meu pai, que está viúva e vive a pobriña soa, que non ten fillos... Mais aquela noite xa tiven moita calentura. Sentía unha cousa estraña andarme polo corpo, que eu non sabía ben o que era, e ao mesmo tempo un medo que me aterrecía...

Para o outro día non quixen comer cousa ningunha, por máis que fixo a miña tía para que comese, nin tan sequera un bocado lle quixen probar... Eu tiña medo de que chegase a noite, porque pensaba que era cando me ía pasar o que me tiña que pasar á forza, que eu non sabía o que era nin imaxinaba que fose a fada... Aquilo que me rebulía no corpo, arrimóuseme á cabeza e púxoseme aquí, por riba da fronte, coma se tivese alí unha pedra pesando e doíame ao totala...

Non sei que me deu aquela noite que me puxen coma tola: esgacei a saba coas unllas e triceina cos dentes, e principiei a berrar e oubear coma un lobo...

A miña tía foi onda unha veciña que era entendida. Veu a veciña, e referinlle todo. Entón ela dixo:

— Esa é a fada que túa nai che botou. Se cha botou de mala intención, a non ser que Deus mande outra cousa, que é o que pode todo, tenche que saír... Mira o que lle pasou ao fillo da Rosa da Porteliña, que lle dixeron que había morrer na guerra e por máis que librara do servizo, na guerra foi morrer... Se eu tivera a reliquia que tiña o Salgueiros, o que marchou para o Barco... Mira filla: a fada non a pode quitar nin o mesmo que a bota, aínda que logo se arrepinta. Éche igual que o aire cativo, e o mal ollado, e o meigallo. Todo che vén do mesmo lado. É unha forza que de que un a colle, pode facer o que queira con ela, como un sexa entendido; mais ás veces tamén se colle por casualidade, como é cando un bota unha fada. E ti has andar polo monte, con pel de lobo, namentres non pasen os anos que teñen que pasar, ou namentres non perdas a pel de lobo, mais entón, o mellor é que a queimen, que se non, estea onde estea, non has parar até que a volvas coller.

E así foi. Aquela noite, que era a terceira, non sei que me pasou pola testa, que me fun da casa e non volvíñ... E andei perdida, cumprindo a miña fada, ata hoxe, que dei contigo. Deus cho pague que me volviches á vida dos cristiáns!

Non hai para que dicir: o conto remata referindo que o Ánxel e maila moza casaron.

**Páxinas do
manuscrito orixinal
conservadas na
Fundación Vicente Risco**

O LOBO DA GENTE.

O sucedido que vou referir, contáronnos coma certo. Diséronnos onde foi, que foi perto de Trives; vive ainda quen m'o contou, e que, cando era novo, coñe cen d' todas as persoas qu' andiveron na historia, porque tamposou hai tanto tempo que pasou: haberá coma cincuenta ou sesenta anos. Mais ante' aquel tempo e o novo hai moito mais distancia qu' a qu' ces sesent' anos repercutan: hai toda a que poon a soberbia e a pseudo-cultura.

Digo porqu' agora qu' andan os sabios esbucullándose por' esculcar a unha chea de feitos d' esta clase, o vulgo letrado das vilas non quer dar tino a estas histonias por mais que llo aseguren persoas elixidas e sen dadeiras. Eu teño pra mim qu' os antigos sabían d' isto moito mais do que nós podemos sospeitar tan xiquera, e que moito do que sabían os antigos, aínda o sabe o vulgo iletrado da aldea.

Mais unes ó conto.

Era pol-o castañar. O tempo andaba revoltu y- outonizo, chovia por veces e facía tan escuro, qu' era noite pouco dempois de xantar. Iba un tempo coma de día das difuntas, e a tristura do mes das ánimas espallábase já empardecendo o ceo por toda a banda.

O Angel andaba n-un souto, ond' o río de Cabalar. Era nativo de Sobrado e aínda non chegara ás quintas. Tíña o cabelo cravo, os ollos azules, as meixelas rosas. Tíña un gran peito e brazos fortes, que ra coraposo e valente. Estaba termendo d'un sequeiro, e suntuira n- unha escampada apañar follas no souto.

Non sei que ten a natureza n- estes encañadas fondas ond' o sol entra pouco, que semella que se recolle en si mesma e fica calada, en boca muda e todo, cetea falando de cote a todas as sensos do home...

O souto ond' andaba o Angel era pedro e sombrizo, coberto o cheo d' herba verde, ante' a que medraban gambús, estraloques, poutigas e choupanos, froa das terras húmidas... Os soutos teñen un cheiro de seu. O cheiro dos soutos é un cheiro especial, e non é de amento ao chada non sei onde, nin do fiello, nin das escornacabras; en coído que é a soma dos castiñeiros a que cheira: cheira a fresco, cheira a silencio escalmado... É un silencio onde s' ouzan cair as follas secas, com' hai un mes ouvíase cair os ovizos regañados...

As chamus das chamus, ó triparou esmagando as follas cobradas e douradas, melladas no chan, fagulan un bruido apagado. Andaba juntando as follas ás mozas, por' estercar cando estiveran curadas.

Un veciño parou aló emba' pol-a verca, e berroule d'ond' o valado

2) - Ah Angel, seica estás a secar as castañas?

- Estou.

- Pois recíbllete logo e atramea ben, non che veia vir o lobo da gente.

Habia tempo, des apareceran algúis nenos dos qu'iban co gando o nome te. Un canibante aparecerá meos comido no canibante real. O pouco comecelle igual a unha costureira qu'andaba a coser pol-as aldeas. Despois un criado da casa de Mota. Un nenito detrado no rolo, diante da porta da casa, un día de sol, des aparecerá tamén. Logo, os casos repetíranse. Principiaron a dicir qu'era un lobo, que, de que s'afan a bruser carne de cristiáns, já non queren comer d'outra, porque seica lles sabe mellor, que hai quen di qu'é unha carne doce, e outros aseguran qu'é inuitante á do marañ, mais coma ninquén a probar, se non sabe de certo. Mais outros dicían que debía ser un nome, un facinoroso, unha sorte de saca intos. Aínda os había que pensaban qu'era un home que se volvera lobo. E aínda pensan non mais cousas, e deían qu'unha das veces viran as pisadas do lobo, mais d'un lobo moi grandísimo. Por fin a moita gente já lle non collía diábala, pois por dúas veces, homes qu'iban de viaxe atacounos un lobo tremendo que non sei coma poderon fuxir. ~~ou~~ D'unha das veces, un desparulle, e o lobo marchou coma si nada.

O medo comen toda aquela terra, e a gente non quería saír a fora despois do empardecer, e aínda se non querían desvir moito da casa no día craro. A sona do lobo da gente collía de ca Maceda ~~por~~ por unha banda e deica Guirgá e Valdeomas por outra, e aínda chegaba a Viana... Haba quen juraba que ll'entrara na casa; outros qu'o atoparan indo pa tel sitio ou pa tel outro. Un, qu'era bracarado e vello; outros qu'era moiro. Que se tiña os dentes de tel jeito ou de tel outro, n'unha nin glieira ou en tres... O que s'apalpaba era o medo.

O certo é qu'o lobo é cousa de teuer. Ningunha outra fera amepia os homes con'o lobo. O lobo ten ollar magnético; os seus ollos reluman de noite coma brasas: na noite pecha seu estrelas pod'un ter a carón seu o sinistro paseante nocturno, e non ver'llo bulto, mail-as dúas flammintas acetas dos seus ollos, amuncian qu'ali está. É un ollar que trapasa a un, e detén o sangue nas veas e deixa a un coma a neve... Non compre tan xiquera ve lo: abonda sutil o usar medosamente pra que lle pase a un ~~todo~~ ^o corpo o ~~arrequiro~~ astral, igual é que se siute caud'un atopa un'i ániua su pena, ou cando lle dan unha labazada unhas maus invisíveis. Nun qu'o lobo fora cousa do outro mundo... E

3) mais algo debe ter que ver co-elo, e se cadra, os antigos algo sou-
peron do seu misterio; mais agora os homes esqueceron tanta cou-
sa!

O Anxel era un mozo d'outro tempo, y era pouco medran. Mais
saber, sabia o que tiña que faquer. Aí que, de qu'escuraceu, meteu-se
no sequeiro, pechou ben a porta, e polo si polo non, botou duas
trancas, asegurou a buferda, pillou unha machada e pousouna no
banco da lareira, ben á man. Despois al, púose uns quizes no resco-
do e soprou nas brasas até que levantou a lepa; entón foi partiu-
do mais quizes e botándos o lume. Aí qu' o lume s'erquien lo-
do e danzariu, enchendo o sequeiro de crandade e de somas es-
tranas, o Anxel colleu o pau centeo, contou co-a navalla unha
saison un cacho de touciño, e fois comendo co pau, pou-
co e pouco. Rematou. Aínda había un grollo de viño na garrafa,
esumichouno, limpou os beizos co nivés da man, e fiou un pedir
mirando pro lume.

Se non ouvia mais que ardel-a lena, escachaba a casa das ce-
tañas na caniceira, e algunha vez o aire fora, qu'andaba coas
folhas secas. Algo tamén, morto meus, o río da Cabaler, aló pra bai-
xo.

Principaba a topeucar, o Anxel, cando lle pareceu que sentía
arinas coma s'audiveran raiando na porta... Púpose a espreito
un pouco inquieto, ameparando ben: non sentiu nada. Boh! qu'
iba ser! Coma lle vintura o xumoral do Mateu falando do lobo
da gente... E mais... agora si, agora si qu'era certo; agora
andaban raiando na porta...

- Que me leve o deus si vou anda ahí! - contou o Anxel.

E aunque dixo de medo, erquense caladivamente y apertou a
machada... A cousa iba de veras: agora trequeuse abai na por-
ta ~~era~~ e con forza. Con forza, qu'estralaba as táboas. O Anxel mateu
se atrás do lume...

De súpeto, o amequirio astral comulle deud'as unhas dos pés o
coiro de tecto, e todol-os cabelos se lle puseron de punta: na porta
había unha fendelela, e por ela pasaba a patá dianteira d'un
lobo grandísimo. Unha ~~pesta~~ ^{pesta} grande, negra, con unhas afiadas qu'
relaciou.

O Anxel non quise ver mais. Caladivamente agatunou pol-
parede, e foite acocher riba da caniceira. Dend' elí miraba pra
porta morto de medo.

Pol-a porta apareceu un foicito longo, con dentes brancos qu'o
porcos instanty hiperon saltar as táboas, e pol-o buraco, colouse
no sequeiro o lobo da gente.

+) O Angel viva o lobo morto; já dissei quera um moço d'outro tempo. Mas lobo com aquil, tan negro, tan peludo, tan espantoso, e uente grandes mo, co-aquiles ollos saquimentos e relucetes, que cintilaban mais que lume da lareira, co-aquiles dentes brancos y-afiados coma navallas, aquil peião mouro, lipado de sangue fresco, aquelas postas grandes com'es d'um olo, com'aquil nuuma, eudejaubais outra viva na vida. O Angel, ~~na~~ acovado na caniceira, trababa com'umha vara verde, mais non rebeliue.

O lobo da gente foise chegando o lume coma cou recio. Andivo deui rando o banco, a machada qu'o Angel deixara no chao, a navalla e o pau riba do banco, e logo ficou queda um pedazo. O Angel siuteo as abutar com'um can caudo vai canto.

Depois, aquela n'que foi: o lobo da gente primissou a rebelir, foi saltando a pelica, y-apareceu de sipeito transformado n-umha rapara hermosa com'um carabel recio aberto. Non levaba mais qu'a camisa, e os cabellos escuros com reflexos dourados estaban despartidos e saltos e chegabauhe muito mais abaixo do meo corpo.

Sentouse no banco avante do lume, e piveo'a queutar. Debia vir atercida, e o Angel, que lle non quitaba os ollos, viu que post-a facieua, branca com'a d'um difunto, lle colaban requieiros de baquas. Logo tapoua co-al maus y-estralou saloucando e chorando ~~com~~ ~~more~~ tan amargurada, qu'o Angel partiaell'a y-alua.

Mais n-este ~~de~~ ~~de~~ c'umha ideia toda a concencia do rapar. Non sei quem l'a ispirava: a y-alua da caste, que vive en nob, e qu'o sabe todo, senie, se cadra. O caso foi que pegou n-um varal qu'habia na caniceira, e sacando um braço, pillou co varal a pelica do lobo da gente, qu'a rapara tũa o pi d'ela, e botoua o lume.

A rapara pegou um bevo edecido:

— Ay pel, váleme! Váleme, miute pel quinda!

A pelica revoltabale enrabechada pro fuzir do lume, e traba por irse p'oud'a uera, mais o Angel tũaa presa co varal e non deixaba escapar. E a pelica rebullia y-ambraba, mais o fue foise queimando até qu'arden toda.

Enton a rapara ergueu os ollos verdes, onde cintilaban pallitas d'ouro, e dissell'o moço docamente:

— Baipa, baipa, que me libraches; non teias já medo de mim.

O Angel baicou da caniceira e sentouse oud'a ela. E ela dissell'o:

— Foi miute vai quem me botou a fada, mais ti quitacheua.

E o Angel perguntoulle:

— E coma foi pra che botar-a fada?

Respondeu a moza:



Fundación
Vicente Risco



DEPUTACIÓN
OURENSE